



Estimadas familias,

Recentemente, publicáronse novos protocolos de xestión epidemiolóxica ante a aparición de casos de COVID-19 nos centros educativos, por iso queremos informaros dos aspectos principais que debedes coñecer:

POSITIVO/A EN COVID-19.

Cando un/ha alumno/a é positivo/a en COVID-19 (coñeces o resultado pola realización dunha PCR ou unha proba de antíxenos, realizada polos servizos de saúde ou a través dun autotest feito na casa), as familias deberedes realizar o seguinte:

- Proceder a **comunicalo a Sanidade** chamando ao 881 54 00 45 ou cubrir o formulario de declaración responsable de [autotest positivo](#) (cando o resultado se coñeza pola realización do autotest de antíxenos).
- **Comunicalo sempre ao centro educativo** chamando ao 886 15 15 41/42 e pedindo falar con alguén do Equipo COVID. Tamén poderedes enviar un correo electrónico para comunicar a situación a ceip.sanmartinho@edu.xunta.gal.
- O alumnado que sexa caso confirmado deberá permanecer **7 días en illamento**. Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento.

CONTACTOS ESTREITOS NA AULA.

A partir de agora, o alumnado menor de 12 anos que sexa positivo en COVID-19, **non xerará contactos estreitos na aula**, polo que os/as seus/súas compañeiros/as **non terán** que realizar **corentena**. A pesar desta decisión por parte da Consellería de Sanidade, consideramos importante que aqueles/as que antes se consideraban **contactos estreitos** e tiñan coñecemento deste feito, **continúen sendo informados** por parte do Equipo COVID do centro. Deste xeito, as familias poderedes realizar, se así o estimades oportuno, unha maior vixilancia de posibles síntomas e extremar as medidas de prevención e os contactos.

Se nunha aula hai un **20% ou máis** de casos **positivos** (nun período de tempo igual ou inferior a 7 días), o Equipo COVID porase en contacto co **Centro de Seguimento de Contactos** para informar da situación e que procedan a tomar as decisións que estimen oportunas.

CONTACTOS ESTREITOS NO ÁMBITO FAMILIAR.

O alumnado que sexa **contacto estreito** dalgún/ha positivo/a **no ámbito familiar**, deberá seguir as indicacións de **corentena** que se propoñen para a poboación xeral de acordo á Adaptación da Estratexia de detección precoz, vixilancia e control, publicada o día 30 de decembro de 2021. Así, as persoas con pauta vacinal completa e/ou aquelas que superaran a COVID-19 nos últimos 3 meses, non terán que facer corentena.

Grazas pola vosa colaboración.

O Equipo COVID do CEIP San Martiño